


¿Que é a UDIAF?

A Unidade de Desenvolvemento Infantil e Apoio Familiar é un recurso profesional interdisciplinario dirixido a proporcionar unha asistencia integral, dende a proximidade, aos nenos e nenas que presentan discapacidades ou dificultades no seu desenvolvemento e as súas familias.

É un proxecto experimental da AGAT, subvencionado pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, que se está a desenvolver nas comarcas do Deza e o Salnés ao longo do ano 2009.



¿Cómo acceder ao servizo?

- Chamando ó teléfono
- enviando un correo-electrónico a:
– deza@atenciontemprana.com
- ou persoalmente na Aula UNED. Rúa E. Parque empresarial Lalín 2000. 36500 Lalín.

SERVIZO PÚBLICO E GRATUITO



agat

asociación galega de atención temperá
<http://www.atenciontemprana.com>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
TRABALLO E BENESTAR



**Desenvolvemento
infantil e apoio
familiar**

agat

XUNTA DE GALICIA

UDIAF O Deza


¿Cal é o seu ámbito persoal?

As familias con nenos e nenas de 0 a 16 anos (con prioridade para 0-6) que estean en situación de risco no seu desenvolvemento.



¿Cal é o seu ámbito territorial?

Os Concellos da Comarca do Deza:
A Golada, Dozón, Lalín, Rodeiro,
Silleda e Vila de Cruces.



¿Que tipo de atención ofrece?

- 👉 Atención globalizada e integral ás familias no seu contorno natural.
- 👉 Asistencia informativa, orientación e apoios evolutivos en relación co desenvolvemento e integración social dos nenos e nenas.
- 👉 Asistencia psicolóxica, apoio e asesoramento ás familias.
- 👉 Medidas compensadoras no propio contorno familiar.
- 👉 Actividades que favorezan o desenvolvemento integral dos nenos e nenas tanto no seu fogar como no contorno comunitario.
- 👉 Cooperar con apoio e asistencia técnica aos centros educativos, nos casos en que fora necesario.
- 👉 Promover a coordinación e colaboración con outros recursos e servizos.